



CONVOCATORIA 2023

**"para a obtención do
Certificado R3
como investigador/a establecido/a.**

¿Que finalidade ten o Certificado R3?



Valorar a carreira de investigadores/as nacionais e estranxeiros/as no marco dun itinerario posdoutoral de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, de maneira que iso permita recoñecer a súa calidade e independencia investigadora, cumplindo co perfil europeo de investigador establecido (R3).



AXENCIA GALEGA
DE COÑECEMENTO
EN SAÚDE

¿Que efectos ten o certificado R3 como investigador/a establecido/a?

- Será recoñecido nos procesos selectivos de persoal de novo ingreso estable que sexan convocados polas universidades, polos OPIs e outros organismos de investigación da AGE polos OPIs de outras Administracións Públicas, incluídos os centros do SNS ou vencellados ou concertados con este e as fundacións e consorcios de investigación biomédica, así como os consorcios públicos e fundacións do sector público.

Con independencia da Administración pública que os convoque, o contrato de acceso de persoal investigador doutor rematará a partir do momento en que se faga efectivo o ingreso estable



AGENCIA
ESTATAL DE
INVESTIGACIÓN



AXENCIA GALEGA
DE COÑECEMENTO
EN SAÚDE

Beneficiarios(I)

Persoas que cumplen os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión do grao de doutor con data anterior ao 1 de xaneiro de 2018.

b) Ter unha vinculación contractual previa de, alomenos (cumplir un dos seguintes requisitos):

- **Dous anos baixo a modalidade de contrato de acceso** (art.22 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación).
- **Tres anos baixo calquera outra modalidade no marco dalgún programa posdoutoral** financiado por algúns axentes de financiación público do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación.
- **Cinco anos de contratación posdoutoral trala obtención do grao de doutor** (inclúense períodos de contratación posdoutoral no extranxeiro).

Beneficiarios (II)

- c) Ter realizado estancias, incluíndo períodos onde se estivera contratado/a, predoutorais e/ou posdoutorais,** en centros de I+D nacionais e/ou internacionais distintos de aquel no que realizara a súa formación predoutoral, durante un período acumulado, con carácter continuo ou discontínuo, igual ou superior a dous anos. (Requisito non aplicable a aquelas persoas que teñan cursado íntegramente e obtido o título de doutor nunha universidade extranxeira e a aquellas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%).
- d) Non pertencer a algún dos corpos de funcionarios** docentes universitarios das Universidades públicas, nin ser persoal investigador funcionario de carreira ao servizo dos OPIs da Administración Xeral do Estado, nin estar contratado nunha Universidade pública española como profesor contratado doutor (ou baixo figuras equivalentes de axencias autonómicas).
- e) Non estar en posesión do certificado I3.**

Documentación e Criterios Avaliación:



**Documentación a achegar na solicitude:
CVA e memoria da traxectoria investigadora da persoa solicitante.**



Os criterios de avaliación son os establecidos no anexo III.5 da Orde CIN/1025/2022, do 27 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas correspondentes a varios programas e subprogramas do PEICT 2021-2023, cuxa xestión corresponde á AEI, para actuacións de recoñecemento da capacidade e independencia investigadora de Investigadores/as do SECTI, mediante a obtención da acreditación como investigador/a establecido/a R3.



Para que unha solicitude obteña a certificación deberá acadar unha puntuación total igual ou superior a 80 puntos, así como unha puntuación no criterio 2 igual ou superior a 30 puntos.

Aberto Prazo para a presentación de solicitudes

**Dende o 20 de marzo ata o 13 de
abril de 2023 ás 14:00 horas
(hora peninsular)**